



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 15 DE DECEMBRO DE 2016.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D^a. María del Carmen Franco Díaz, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. María Cristina Goás Fernández e D. Marcos Besada Álvarez

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN)

D. Sergio Aguado Delicado

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día quince de decembro de dous mil dezaseis, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Excusan a súa asistencia verbalmente os concelleiros D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D^a. M^a Jesús Vale López, D. Emilio Villaranea Méndez e D^a. Saray Blanco Canoura.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1ª PARTE:

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 2 DE NOVEMBRO DE 2016.

Non existindo obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 02/11/2016.



2.- BAIXA DO CONCELLO DE VIVEIRO NA ASOCIACIÓN VILLAS MARINERAS. EXPTE. 4290/2016.

Vista a proposta de Alcaldía para a baixa do Concello de Viveiro na Asociación Villas Marineras, que di:

“(…)

1.Tendo en conta que o Concello de Viveiro é membro da Asociación Villas Marineras, xunto aos seguintes concellos: Baiona, Sanxenxo, Ortigueira, Ribadesella, Llanes, San Vicente de la Barquera, Santoña e Laredo, por acordo plenario adoptado na sesión do 24 de novembro de 2008.

2.Tendo en conta que a Asociación Villas Marineras constituíuse coa finalidade principal de establecer unha rede de experiencias e cooperación en temas de promoción conxunta, buscando a excelencia turística no seu ámbito territorial e que o custo anual ao Concello de Viveiro, como socio de número da devandita Asociación é de 6000 €.

3. Tendo en conta os axustes orzamentarios que se veñen aplicando nos últimos exercizos que obrigan a este concello a buscar a maior rendibilidade nos seus investimentos na procura da optimización máxima dos recursos dispoñibles.

4.Tendo en conta que o artigo 20 dos estatutos da Asociación Villas Marineras recolle a baixa voluntaria na condición de socio:

“Los socios causarán baja por alguna de las causas siguientes:

a)Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito a la Asamblea General.”

Por esta Alcaldía-Presidencia proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Causar baixa na condición de socio da Asociación Villas Marineras.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás partes interesadas para os efectos oportunos.

TERCEIRO.-Facultar á Alcaldesa para a realización de todos os trámites necesarios para cumprir o presente acordo.”

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local na sesión de data 12 de decembro de 2016.

Iníciase o debate do asunto, que transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa se tratou este tema na Comisión Informativa. Sinala que no ano 2008 o Concello de Viveiro acordou incorporarse á referida asociación, cunha finalidade de promoción turística, realizando actividades de promoción do Concello. Engade que este último ano, co cambio da nova presidencia as cousas foron a peor; había un programa e un bo proxecto pero non se fixo nada, e o Concello non se pode permitir o luxo de estar un ano en braco, xa que supón 6.000 euros que lle serven ao Concello para promoción turística doutro xeito.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que o seu grupo vai apoiar a baixa do Concello nesta asociación. Engade que no



ano 2012 o seu grupo xa o pediu, porque xa entón tiñan esta impresión sobre a asociación pero daquela non lles fixeron caso. Sinala que nese ano eran 8.000 euros, que logo baixaron a 6.000. Celebran que catro anos despois, e tras 25.000 euros gastados se dean conta de que convén darse de baixa.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para sinalar que parte da base de que vai apoiar a baixa na asociación. Pero sinala que debe terse altura de miras nun Concello eminentemente turístico como Viveiro, que debería estar en todas as asociacións deste tipo. Sinala que pasou o mesmo co Eixo Atlántico. Engade que en Villas Marineras había un proxecto moi bo, e que no seu momento houbo publicidade en aeroportos, cruceiros,... polo que non foron 25.000 euros tirados. Considera triste terse que dar de baixa, xa que o problema nestes casos é que estas asociacións non funcionen, posto que doutro xeito sí sería bo seguir nelas.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que vai votar a favor. Entende que con ese diñeiro Viveiro debe promocionarse turisticamente doutro xeito máis rendible, e entende que cando se decide incluírse nunha asociación hai que ver onde se está metendo o Concello.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a decisión de darse de baixa non foi dun día para outro. Sinala que a concelleira de turismo estivo en contacto coa asociación, que xa se tiñan avisado. Engade que o ano pasado en Fitur tiñan un vídeo promocional, que do malo que era nin se puido emitir. Apunta que non só é polo diñeiro senón que é que non funcionaba polo que entende que non se debe malgastar ese diñeiro.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación acordándose por unanimidade a aprobación da proposta da Alcaldía, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Causar baixa na condición de socio da Asociación Villas Marineras.

Segundo.- Notificar o presente acordo ás partes interesadas para os efectos oportunos.

Terceiro.- Facultar á Alcaldesa para a realización de todos os trámites necesarios para cumprir o presente acordo.

3.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIVEIRO”. EXPTE 865/2016.

Visto o expediente de contratación CT 2015/4, expte. xestiona 865/2016, denominado “Servizo de axuda no fogar para persoas dependentes do Concello de Viveiro”.

Visto que no Pleno de data 10 de marzo de 2016 se aprobou o expediente de contratación mencionado, así como o gasto para realizar o servizo descrito,



condicionando o expediente á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do mesmo correspondentes aos exercizos 2017 e seguintes, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Resultando que, publicado anuncio de licitación no BOP en data 4 de maio de 2016, no prazo para a presentación de proposicións foron rexistradas proposicións por parte das seguintes empresas:

Servizos Sociais San Roque S.L.
Asistencia Social y limpieza S.L.
Origen Viveiro S.L.U.

Visto que, segundo consta no expediente, en data 4 de xullo de 2016 pola Mesa de Contratación procedeuse á apertura da documentación administrativa, requerindo a subsanación de documentación á empresa Asistencia Social y limpieza S.L.

En data 1 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación exclúe á empresa por non considerar subsanado o requerimento efectuado, e admite ás outras dúas empresas presentadas. Seguidamente procédese á apertura dos sobres Nº2 e dase traslado dos mesmos ás traballadoras sociais municipais para a súa valoración.

En data 7 de outubro de 2016 pola Mesa de Contratación dase conta do informe emitido polas traballadoras sociais respecto á documentación obrante no sobre nº 2, co seguinte resultado:

Empresa	Puntuación global criterios subxectivos do contrato
Servicios sociales San Roque S.L.	27
Origen Viveiro S.L.U.	21

Seguidamente pola Mesa de Contratación procédese á apertura dos sobres Nº 3 das proposicións, co seguinte resultado:



Empresa	Oferta presentada		Valoración
Servicios sociales San Roque S.L.	Horario laborable	11,54 €	50
	Horario festivo ou nocturno	11,54 €	20
Origen Viveiro S.L.U.	Horario laborable	11,65 €	49,53
	Horario festivo ou nocturno	12,25 €	18,84

Segundo consta nas referidas Actas da Mesa de Contratación, a puntuación global obtida, segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos, por cada unha das empresas admitidas foi a seguinte:

Empresa	Puntuación criterios subxectivos	Puntuación criterios obxectivos	Puntuación global
Servicios sociales San Roque S.L.	27	70	97
Origen Viveiro S.L.U.	21	68,37	89,37

En base aos datos referidos, e segundo consta na correspondente acta da Mesa de Contratación, resultando mellor oferta a oferta presentada pola empresa Servicios Sociales San Roque S.L., propúxose como adxudicataria á empresa “*Servicios Sociales San Roque*”, con CIF núm. B-27.333.160, polo prazo de “*dous anos*” (2) e polos importes que seguidamente se indican:

Horario laborable	Importe base	11,10 €
	4º IVE	0,44 €
	Importe total	11,54 €
Horario festivo ou nocturno	Importe base	11,10 €
	4º IVE	0,44 €
	Importe total	11,54 €

Visto que a XGL, en data 31 de outubro de 2016, acordou requerir á empresa licitadora proposta para a adxudicación do contrato para a presentación dos documentos previos á adxudicación.

Resultando que no expediente, remitido polo Servizo de Contratación, consta a presentación da documentación requerida.

Visto o informe-proposta de adxudicación emitido polo encargado do Servizo de Contratación, e a conformidade de Intervención.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Benestar Social en data 12 de decembro de 2016.



Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación acordándose por unanimidade a adxudicación do contrato referido, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado “Servizo de axuda no fogar para persoas dependentes do Concello de Viveiro” á empresa “*Servicios Sociales San Roque*”, con CIF núm. B-27.333.160, polo prazo de “**dous anos**” (2) e polos importes que seguidamente se indican:

Horario laborable	Importe base	11,10 €
	4º IVE	0,44 €
	Importe total	11,54 €
Horario festivo ou nocturno	Importe base	11,10 €
	4º IVE	0,44 €
	Importe total	11,54 €

Segundo.- A formalización deste contrato coa empresa adxudicataria deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación de adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 do TRLCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo no perfil do contratante, así como remitir anuncio referente á formalización do contrato ó Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, así como ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

4.- RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DO “CAMIÑO DE MELEIROS”, NA PARROQUIA DE COVAS.

Visto o expediente de investigación do “Camiño de Meleiros”.

Resultando que dito expediente se tramitou segundo o previsto no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBCL) e na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

Resultando que consta no expediente informe da Secretaria Municipal de valoración da documentación obrante no expediente, previo á resolución do expediente, tal e como establecen os artigos 52 e 53 do RBCL.



Vista a proposta de Alcaldía de resolución do expediente de investigación do referido camiño, en orde a declarar a súa inexistencia e acordar a rectificación do inventario, na que se recolle que a incoación do expediente de investigación, segundo os datos obrantes no expediente, deriva dun escrito presentado no Concello asinado por tódolos colindantes co referido camiño inventariado, no que manifestan que polo interior das súas fincas existe un acceso privado particular para vehículos, feito única e exclusivamente para uso particular das súas propiedades, non constando en ningún documento o referido camiño, adxuntando escrituras de propiedade e unha sentenza sobre un litixio referente a dito camiño, que demostran a súa inexistencia e solicitando a corrección do inventario. Tamén se sinala que no expediente os seguintes documentos e informes:

- Informe do servizo de contratación no que se manifesta que nos arquivos de dito servizo non figura ningún contrato nin expediente de contratación para a execución de obras de pista no lugar de Meleiros, parroquia de Covas, coa localización no inventario municipal como “Camiño de Meleiros”.
- Informe de Intervención no que se sinala que nas oficinas de intervención do Concello non consta a toma de razón en contabilidade nin ningún expediente referido á execución das obras de acondicionamento e mellora do firme do camiño de Meleiros en Covas.
- Informe do concelleiro delegado da Área de Medio ambiente, obras, medio rural e servizos públicos no que se manifesta que esa concellería non ten constancia algunha de que por parte do Concello de Viveiro se realizasen labores de manemento no referido camiño.

Resultando que no informe de secretaría obrante no expediente, en virtude dos antecedentes sinalados se manifesta que *“(…) dos antecedentes e da documentación obrante no expediente pode considerarse que non é posible constatar, na zona obxecto de investigación e segundo o trazado que consta no Inventario Municipal de Bens, a existencia do camiño público denominado “Camiño de Meleiros”.*

Tendo en conta que no prazo de dez días de posta de manifesto do expediente non se presentaron alegacións.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente en data 12 de decembro de 2016.

Iníciase o debate do asunto, que transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que tramitado o expediente, segundo a documentación que consta no mesmo, se chegou a conclusión de que non pode constatarase a existencia dese camiño como público.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz, para dicir que xa se tratou o tema na Comisión Informativa. Entende que os documentos e



informes que obran no expediente están bastantes claros. Apunta que lle sorprende que se solicitase a tramitación deste expediente, xa que él como veciño de Covas creía que era público. O seu grupo entende que deben defenderse os intereses dos veciños, e se non se pode constatar que fose público debe resolverse nese sentido. Aproveita este expediente, tendo en conta o informe que consta da concellería de medio ambiente, para rogar que se coïeden ao máximo os camiños de titularidade municipal.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación acordándose por unanimidade a aprobación da proposta da Alcaldía, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar a inexistencia do camiño denominado “Camiño de Meleiros”, como camiño de titularidade municipal, co trazado co que constaba no inventario de bens municipais.

Segundo.- Acordar a rectificación do Inventario de Bens Municipais segundo o resultado do expediente de investigación, co obxectivo de eliminar o camiño denominado “Camiño de Meleiros”.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ós interesados no expediente.

5.- PROPOSTA DE PAGO FRACCIONADO DAS SENTENZAS DICTADAS NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 371/2012 A, INTERPOSTO POLA ENTIDADE ANDRÉS LÓPEZ BLANCO S.L. EXPTE. 2761/2016.

Vista a proposta de Alcaldía de pago fraccionado para o cumprimento das sentenzas dictadas no procedemento ordinario 371/2012 A, interposto pola Entidade Andrés López Blanco S.L., que di:

“María Loureiro García, alcaldesa del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro, a fin ejecutar las sentencias dictadas en el procedimiento Ordinario 371/2012 A, interpuesto por la entidad Andrés López Blanco S.L, que condenan al ayuntamiento de Viveiro al abono a dicha entidad de la cantidad de 371.998,00 euros en concepto de principal, a la que se añadirán los intereses legales desde la reclamación administrativa.

Resultando que a la vista de la documentación obrante en el expediente la suma total de la condena por sentencia asciende a 470.921,29 euros.

Visto el informe emitido por el Departamento de Intervención de fecha fecha 4 de octubre de 2016, en el que se pone de manifiesto las dificultades para acudir a una operación de crédito y por lo tanto la imposibilidad de afrontar el pago total de la sentencia número 235/2015 y la sentencia número 374/2016 dictada en el recurso de apelación nº4155/2016.

Visto el informe jurídico que advertido lo anterior, indica la posibilidad legal de la aplicación de lo estipulado en el artículo 106.4 de la Ley 29/1998, Reguladora de la Jurisdicción



Contenciosa/Administrativa, que establece que si la administración condenada al pago de una cantidad estimase que el cumplimiento de una sentencia habría de producir un trastorno grave a su hacienda, lo pondrá en conocimiento del juez o tribunal acompañado de la propuesta razonada para que, oídas las partes, se resuelva sobre el modo de ejecutar la sentencia en la forma menos gravosa para aquélla.

A la vista de los antecedentes descritos y de la documentación obrante en el expediente, se formula al Pleno de la Corporación la siguiente Propuesta de Pago, para su aprobación y posterior remisión al Juzgado.

“ PROPUESTA DE PAGO

Asunto: Propuesta de pago fraccionado para la ejecución de la sentencias con número 325/2015 y número 374/2016 dictada en el Recurso de Apelación número 4155/2016, recaídas en el procedimiento Ordinario 371/2012 A, interpuesto por la entidad Andrés López Blanco SL”.

*María Loureiro García, alcaldesa- presidenta del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro,
Visto el informe emitido por el Departamento de Intervención en fecha 4 de octubre de 2016, en el que se pone de manifiesto las dificultades para acudir a una operación de crédito y por lo tanto la imposibilidad de afrontar por este ayuntamiento el pago total de la sentencias recaídas en el procedimiento ordinario 371/2012 A interpuesto por Andrés López Blanco S.L.*

Visto los informes jurídicos emitidos por el Departamento de Servicios jurídicos del ayuntamiento de Viveiro, que indica la posibilidad legal de aplicación de lo estipulado en el art. 106 de la Ley 29/1998, Reguladora de la Jurisdicción Contenciosa/ Administrativa, se propone la siguiente PROPUESTA DE PAGO

PRIMERO.- En cuanto al pago se realizaría en cuatro anualidades, con inicio en el año 2017 por importe de 117.100,00 euros, siendo el último año de 119.621,29 euros por el redondeo, a dicho importe se añadirían los intereses legales del importe pendiente de pago, determinado en la Ley de Presupuestos Generales del Estado, siendo el 3% en el año 2016. Se adjunta cuadro de amortización fraccionamiento sentencia 235/2015.

SEGUNDO.- Lo anterior se llevaría a cabo sin perjuicio de que con motivo de algún ingreso imprevisto o que se difiera la amortización de la deuda financiera e intereses de ésta, pueda anticiparse el pago de alguna cantidad que minore la presente deuda fraccionada, o en su caso tramitarse expediente de compensación con IBI a instancia de la entidad Andrés López Blanco S.L.

TERCERO.- Se acompaña a esta propuesta de pago fraccionado, el informe emitido por la intervención del ayuntamiento y los informes jurídicos emitidos por los servicios jurídicos del ayuntamiento, y anexo Y, de conformidad con lo establecido en el art. 106.4 de la Ley 29/1998, Reguladora de la Jurisdicción Contenciosa / Administrativa, se Solicita

Que se tenga por presentado el presente incidente de ejecución de sentencia, poniendo en conocimiento del Juzgado Contencioso/ administrativo nº1 de Lugo la situación económica del ayuntamiento de Viveiro que se acredita con los informes pertinentes y admita la presente propuesta de pago fraccionado de la deuda, a fin de ejecutar las sentencias recaídas en el procedimiento Ordinario 371/2012 A interpuesto por la entidad Andrés López Blanco S.L.”

Vista la propuesta de pago que antecede se PROPONE al Pleno de la Corporación Municipal la adopción del siguiente acuerdo:

PRIMERO.- Aprobar la Propuesta de Pago a fin de que se puedan ejecutar las sentencias citadas de la manera menos gravosa para el ayuntamiento de Viveiro, de conformidad con lo



regulado en el art. 106.4. de la ley 29/1998 de la Reguladora de la Jurisdicción Contenciosa/Administrativa, para su posterior remisión al juzgado.”

Visto o cadro de amortización que acompaña á proposta de Alcaldía:

“CADRO DE AMORTIZACIÓN FRACCIONAMIENTO SENTENCIA 235/2015 (2017-2020)”

Datos a
28/11/2016

tipo de interés	período actual	períodos pendientes	préstamo vivo	pago período	intereses del período	cuota TOTAL
3,00	1	3	470.921,29	117.100,00	14.127,64	131.227,64
3,00	2	2	353.821,29	117.100,00	10.614,64	127.714,64
3,00	3	1	236.721,29	117.100,00	7.101,64	124.201,64
3,00	4	0	119.621,29	119.621,29	3.588,64	123.209,93
				470.921,29	35.432,55	506.353,84

Consta no expediente informe xurídico emitido pola encargada do Departamento de Servizos Xurídicos e informe da Intervención Municipal.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda en data 12 de decembro de 2016.

Iníciase o debate do asunto, que transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o presente asunto deriva dunha licenza de obra concedida o 9 de xuño de 2003, sendo alcalde D. César Aja, uns día antes de tomar posesión como alcalde D. Melchor Roel. Sinala que no ano 2005 se recibiu un escrito de Patrimonio a raíz dunha denuncia, no que se obrigaba á paralización das obras. Logo o informe necesario de Patrimonio foi desfavorable e había que demoler, polo que o



promotor solicitou danos e prexuízos. Da cantidade solicitada inicialmente conseguiu-se rebaxar, e propónse o pago fraccionado en catro anualidades, empezando o 2017.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que se remite ao sinalado na Comisión Informativa.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para sinalar que estes acordos ó final provocan máis de 400.000 euros de perda, engadindo que cada día seguen vindo máis sentenzas que derivan da mala xestión do anterior goberno do P.P.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que para o Concello é bo poder pagar o cumprimento da sentenza deste xeito, pero non se pode deixar pasar por alto a mala xestión da que derivan agora estes problemas de financiamento.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación acordándose con 12 votos a favor (correspondentes ao grupo do P.S.O.E, grupo do P.P. e aos dous concelleiros non adscritos) e unha abstención (correspondente ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto) a aprobación da proposta da Alcaldía, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a proposta de pago fraccionado para o cumprimento das sentenzas dictadas no procedemento ordinario 371/2012 A, interposto pola Entidade Andrés López Blanco S.L., segundo consta no presente acordo a fin de que se podan executar as sentenzas citadas da maneira menos gravosa para o Concello de Viveiro, de conformidade co regulado no art. 106.4. da lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso/Administrativa, para a súa posterior remisión ao xulgado.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á encargada do Departamento de Servizos Xurídicos para a súa remisión ao Xulgado.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo aos Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

2ª PARTE: **PARTE DE CONTROL**

1.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO A 30 DE SETEMBRO DE 2016 E AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012 DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE SETEMBRO DE 2016 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 3535/2016.



Por parte da Intervención Municipal dase conta da información económica do concello a 30 de setembro de 2016 e avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de setembro de 2016 e previsións a 31 de decembro de 2016.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. Alcadesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, mediante un listado resumo das mesmas, segundo consta no expediente, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

ASUNTOS INCLUÍDOS NO PRESENTE PLENO POR RAZÓNS DE URXENCIA.

EXPTE. 4416/2016. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 029/2016 VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO, PARA EXECUCIÓN DE SENTENZA RECAÍDA NO PROCEDIMENTO XUDICIAL 165/1996, EN RELACIÓN AO EDIFICIO SITO NA RÚA NICOLÁS CORA MONTENEGRO, 50.

Intervén a Secretaria Municipal para sinalar que a inclusión de asuntos urxentes está prevista no artigo 92.4 do ROF para as sesións ordinarias do Pleno. Que a presente sesión é unha sesión extraordinaria, pero que excepcionalmente se entende que podería encadrarse dentro desta previsión, tendo en conta que a presente sesión se celebra nesta data, co punto de “rogos e preguntas” por non terse celebrado neste mes o pleno ordinario na data estipulada, segundo acordo dos membros da corporación por coincidir no medio dunha ponte festiva e non atoparse varios concelleiros no termo municipal, polo que entende que o presente pleno ven a suplir ao pleno ordinario que correspondería celebrar o día 7 de decembro.

A.- Ratificación da urxencia da inclusión deste asunto no presente pleno.

Intervén a Sra. Alcadesa para sinalar que se trata do cumprimento dunha sentenza.

Non existindo máis debate, por unanimidade ratifícase a urxencia da inclusión deste asunto no presente pleno.



B.- Deliberación e votación do asunto.

Vista a proposta de modificación do orzamento do Concello de Viveiro para 2016, vía suplemento de crédito extraordinario, por importe de 258.509,72 euros, aos efectos de dotar de consignación orzamentaria para facer fronte á sentenza recaída no procedemento xudicial 165/1996, en relación ao edificio sito na Rúa Nicolás Cora Montenegro, 50, financiada con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto o informe favorable de intervención á referida proposta.

Resultando que a proposta sinalada foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 15 de decembro de 2016.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que hai que cumprir unha senteza. Sinala que había unha orde de demolición, e que o anterior alcalde pagou multas por non ter cumprido esa demolición, e gracias a iso o edificio segue ahí e agora poderá legalizarse cunha demolición parcial. Engade que dende o Concello se propuxo ao xulgado a execución parcial da sentenza, e con esa redución do volume o edificio pode legalizarse. O custo ten que asumilo o Concello, como responsable polo outorgamento da licenza no seu día. Manifesta que se prevén para a modificación de crédito, segundo consta no expediente, algo máis de 250.000 euros, que se sufragan con remanentes do exercizo 2015, por iso debe aprobarse esta modificación agora

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación acordándose con 12 votos a favor (correspondentes ao grupo do P.S.O.E, grupo do P.P. e aos dous concelleiros non adscritos) e unha abstención (correspondente ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto) a aprobación da proposta da Alcaldía, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento do Concello de Viveiro para 2016, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

Suplemento de Crédito:

1510.22699	Urbanismo, (sentenza) Outros gastos diversos	258.509,72€
------------	---	-------------

Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	258.509,72€



Segundo.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento e tramitación.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 09-12-2016 (Nº DE REXISTRO 2016-E-RC 7965):

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes ROGOS para o próximo pleno:

1.- *“O Grupo Municipal do P.P. de Viveiro, faise eco da demanda dun veciño da parroquia de Valcarría quen reside en Cancela Nº2, e que ten pedido a colocación dun espello de seguridade vial ó obxecto de mellorar a visión desde a saída da súa vivenda para incorporarse á estrada LU-P-6607.*

Según este veciño solicitou dito espello tanto por escrito como de palabra no Concello, así como nun escrito dirixido á Deputación Provincial por ser esta estrada da súa competencia. Decir que membros da Policía Local estiveron na citada zona elaborando un informe, pero o certo é que transcurrido máis dun ano destas solicitudes o veciño non ten recibido resposta algunha ao respecto.

Por este motivo rogamus ó Goberno Local que teña a ben facer as xestións necesarias, tanto si é da súa competencia como si é do goberno provincial, para que se coloque á maior brevidade posible o mencionado espello no lugar antes indicado”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que como non identifica o nome do solicitante nin o número de rexistro, non se pode comprobar con exactitude a documentación referida, pero polos datos aportados entende que pode facer referencia a un escrito presentado en 2012 por unha veciña que reside nesa dirección con esa mesma solicitude. No caso de que se trate dese expediente, indica que, efectivamente, se solicitou informe policial, no que se indica que o espello é necesario e que o vial referido é de titularidade da Deputación de Lugo; polo que se ditou resolución de alcaldía comunicando estes datos e se notificou tanto ao interesado como ao ente provincial. Engade que non é certo, polo tanto, que non se lle respostara. Sinala que, con todo, o Concelleiro de Obras visitará a zona en compañía dun capataz da Deputación para que este emita o informe que corresponda.



2.- *“Na Avenida Antonio Meirás no paseo marítimo de Viveiro, en concreto fronte ó pavillón Antonio Tarrío e incluída unha parte da rotonda, o pavimento da estrada presenta abundantes baches o que dificulta a normal circulación de vehículos. Por esta razón rogamos ó equipo de goberno que proceda a súa reparación o antes posible para evitar males maiores tanto a ciclistas como conductores.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que como se dixo no pleno anterior, son conscientes de que a día de hoxe, na maior parte dos casos por extracción de madeira, existen bastantes fochancas en zonas do concello. Tamén di que se dixo naquel mesmo pleno que despois de falar coas empresas dedicadas ao arranxo de viais, éstas responderon que a día de hoxe, polo nivel de traballo que teñen, non lles era posible atender ao requirimento do concello. En calquera caso, o persoal de obras estivo tapando fochancas alí onde lles deu tempo. A principios de ano realizouse un aglomerado continuo na zona á que se refiren. É pretensión do goberno local facer outro tramo similar a comezos de ano. As catro fochancas ás que se refire serán tapadas por persoal de obras en canto as actividades navideñas o permitan.

3.- *“Na estrada desde Santo Alvites ó cemiterio de Celeiro, hai un tramo do pavimento no lugar de Teixeira en malas condicións. Por este motivo lle rogamos ó equipo de goberno adopte as medidas oportunas para a súa reparación o antes posible.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a estrada que vai dende Santo Alvites ao Cemiteiro de Celeiro arranxárona numerosas veces. Este vial atópase en pleno medio rural, onde existe unha gran cantidade de eucalipto. É habitual que periodicamente algún maderista traballe na zona. Os baches aos que se fai referencia xeráronse coa obra realizada na zona por Gas Natural. Requeríronse en varias ocasións para que os arranxaran. Como ata o momento ignoraron os sucesivos requirimentos, deu orde ao arquitecto de urbanismo para que se tivera en conta esta circunstancia no momento no que se solicite a devolución do aval.

4.- *“Na parroquia de Covas, no barrio das Pallaregas a vivenda número 10 (ó carón das vivendas 73 e 74) presenta un estado lamentable con moita maleza, silvas e mesmo a presenza de ratas e culebras, feito que provoca unha gran preocupación e malestar entre os veciños desta zona. Por este motivo lle rogamos ó equipo de goberno que adopte as medidas necesarias para a inmediata limpeza e adecentamento da contorna desta vivenda.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a día de hoxe, no concello non consta ningún expediente de orde de execución para a limpeza desa finca; terase en conta o seu rogo para incoar, se procede, o expediente correspondente e solventar esa situación.

**ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADOS POLOS CONCELEIROS NON
ADSCRITOS, BERNARDO FRAGA GALDO, MANUEL GALDO DOPICO E**



SARAY BLANCO CANOURA EN DATA 12-12-2016 (Nº DE REXISTRO 2016-E- RC 8003):

D. Bernardo Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico e D^a. Saray Blanco Canoura, concelleiros non adscrito presentan os seguintes ROGOS e PREGUNTAS:

ROGOS

1.- *“Usuarías e usuarios da piscina municipal, queixanse da mala xestión realizada durante os últimos días nas citadas instalacións. Unha traballadora está de baixa, o que provocou a suspensión de clases varios días e a falta de monitor en outras sesións en días posteriores.*

É por iso que nos preguntamos se ten pensado o Concello de Viveiro, substituír á traballadora durante o período de vaixa temporal e cando o fará?

Establecerá o Concello de Viveiro, un mecanismo de contratación, para cubrir baixas temporais na piscina, e evitar que situacións se repitan constantemente?

Rogamos ao equipo de goberno, que solucione as mencionadas cuestións, ao fin de garantir o mantemento da xestión pública dos servizos municipais.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que cando se realizou o proceso selectivo para a contratación temporal do persoal da piscina municipal, xa se tivo en conta esta circunstancia e creáronse listas de reserva cos aspirantes que, superando o proceso, non foron seleccionados.

No caso concreto, déronse unha serie de circunstancias -entre elas, a existencia dun proceso xudicial que afecta a este posto ou que a previsión inicial de duración da baixa fose de 10 días- que determinaron que, de momento, non se contratara a ninguén para cubrir esta baixa, cubríndose durante este tempo na medida do posible o horario desta traballadora, por outros empregados da piscina. Engade que unha contratación non pode facerse dun día para outro, xa que hai que ir notificando aos candidatos da lista, porque pode ser que algún dos primeiros renuncie, etc...

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para manifestar que o servizo non se está cubrindo por ningún traballador. Engade que estas cuestións non poden pasar. Sinala que hai que sustituír aos traballadores coa máxima dilixencia posible porque se xera un prexuízo para os usuarios, que xa están a manifestar queixas, e xa van tres semanas dende o inicio da baixa desta traballadora, polo que se podería solventar con máis celeridade.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que lle consta que se está cubrindo polo resto de traballadores de forma gratuita, e invita ao concelleiro non adscrito a que fale cos técnicos municipais para que lle digan canto tempo pode levar realizar a substitución. Engade que se intentou solventar con persoal da piscina e que se lel dará a axilidade pertinente, sinalando que lle comentaron que a traballadora ao mellor se incorporaba esta semana.



Intervén D. Bernardo Fraga Galdo para preguntarse se se vai cubrir se segue de baixa, porque non se pode estar quince días así, asegurando que non se está a cubrir totalmente á traballadora.

2.- *“En Celeiro, no antigo camiño de Meira, hai un vertedoiro descontrolado, no cal se pode atopar moita suciedade, incluso algún resto de lápidas rotas. Rogamos que se proceda á súa limpeza.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non tiñan coñecemento da existencia deste vertedoiro. A pesar de contar cun punto limpo e de ofrecer o servizo de recollida de enseres e de cartón, por desgraza, este tipo de actuacións incívicas son bastante habituais. Irán ata a zona referida para intentar solucionar o problema.

PREGUNTAS

1.- *“Na pasada “Sardiñada das Nogueiras” os traballadores e traballadoras municipais, colaboraron coma todos os anos anteriores, na montaxe, elaboración e reparto das sardinhas. Segundo as informacións que tivo este grupo de concelleiros, un dos empregados ou da empregadas do concello atopábase de baixa laboral. E por iso que preguntamos:*

É certa esta información? De ser así, por que non se tomaron medidas ao respecto?”

Intervén a Sra. Alcaldesa para responder que hai un par de semanas, un traballador municipal presentou no rexistro un escrito dirixido á alcaldía no que se facía referencia a estes feitos; nese momento, realizáronse as averiguacións pertinentes e non se puido constatar a veracidade desa afirmación. Segundo ten entendido, a persoa á que se fai referencia si que estivo no lugar ese día, pero nin traballando nin en calidade de empregada municipal; non obstante, continuaranse realizando as pesquisas necesarias.

2.- *“Días atrás, os medios facíanse eco da información dunha reunión da Alcaldesa con representantes de Portos de Galicia. É posible que a Alcaldesa informe aos Concelleiros e Concelleiras desta corporación, do contido desa reunión?”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para responder que a reunión co Presidente de Portos de Galicia tivo lugar o pasado 26 de outubro e nela, como alcaldesa, cumprindo o seu deber, lembroulle todas aquelas cuestións que ese ente ten pendente de resolver en Viveiro. Falaron das naves do peirao de Viveiro e o presidente aseguroulle que xa estaba presuposto e que será resolto en breve; falaron, tamén, do trasvase de area para solucionar o problema da praia de Covas e da cesión de uso do espazo libre circundante ao edificio do Casino, segundo o acordo plenario de data 29 de decembro de 2015. Sinala que foron xestións como responsable do Concello e non houbo ningunha nova, engadindo que seguirá insistindo neses tres temas.

3.- *“En que situación se atopa a día de hoxe o Plan Xeral de Ordenación Municipal?”*



Cando se vai convocar a comisión de seguimento para vanzar na súa finalización?”

Intervén a Sra. Alcaldesa para responder que solicitou unha reunión e foi recibida pola Directora Xeral de Patrimonio Cultural o pasado 17 de outubro; faláronse do punto no que se atopa neste momento a tramitación do PXOM e indicáronse que se está a traballar na documentación que se foi remitindo por parte do concello, sobre aspectos xa consensuados no seu momento polo comité do PXOM. En canto, teña máis novidades, a comisión referida será convocada. Señala que o último informe supoñía unha hipoteca para Viveiro, co que non se estaba de acordo e xa foran todos os voceiros a Patrimonio. Non se estaba de acordo con aspectos de núcleos como o de Covas ou Celeiro. Ese informe condicionaba o crecemento. Engade que non hai ningunha novidade, aceptáronse todas as propostas do Concello e agora falta o informe definitivo, polo que cando chegue se fará outra comisión.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para preguntar se a aceptación das propostas feitas polo Concello se remitiu por escrito.

Intervén a Sra. Alcaldesa para responder que sí, que hai un documento asinado pola directora e o subdirector, pero que non se trata dun informe que forme parte do expediente do PXOM, que ése falta por chegar.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21.10 do día 15 de decembro de 2016, extendéndose a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)